



PREVENCIÓN E SAÚDE LABORAL ANTE O CORONAVIRUS NO SECTOR DO TAXI

ANTES DE IR AO TRABALLO



PERSOAS SENSIBLES

Coñecer que persoas traballadoras son especialmente sensibles ao coronavirus e adoptar as medidas específicas para minimizar o risco de contaxio. No caso de dúbida consulte co seu médico.



FEBRE

Non ir traballar con febre (>37°) ou síntomas da COVID-19 ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.



INFORMACIÓN

Estar informado das recomendacións da autoridade sanitaria ante o coronavirus con especial atención ás vías de transmisión e ás medidas de prevención e protección adoptadas.



DESPRAZAMENTO

No caso de ter que desprazarse para comezar a xornada no taxi, mellor de forma individual. No transporte colectivo precísase o uso da máscara. Seguir as indicacións das autoridades.

DISTANCIA DE SEGURIDADE



DISTANCIA

Poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo; ocuparanse en último lugar as prazas da fila do condutor.



EVITAR CONTACTO FÍSICO

Evitar ou limitar as actividades que impliquen contacto físico: saúdo, equipaxe, tempos de espera nas paradas, etc.



DELIMITACIÓN DE ESPAZO

Recoméndase a instalación de pantallas transparentes que separen o posto de condución do espazo empregado polas persoas usuarias.

HIXIENE E LIMPEZA

40 SEC



LAVADO DE MANS

Lavado frecuente das mans ou o uso de solucións hidroalcohólicas. Lavalas logo de quitar as luvas de seguridade.



MATERIAL DE LIMPEZA

Dispoñer de produtos para a limpeza do vehículo, equipos e utensilios de traballo (teléfono, TPV, etc.).



VÍAS RESPIRATORIAS

Cubrir as vías respiratorias cun pano desbotable ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotalo de xeito adecuado.



OLLOS, NARIZ E BOCA

Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión, tamén cando se usen luvas e máscara.



LIMPEZA E DESINFECCIÓN

Reforzar as tarefas de limpeza e desinfección do vehículo mediante produtos virucidas ou biocidas autorizados, especialmente a zona de pasaxeiros e equipaxe (zonas plásticas, tiradores, ventás, cristais, etc.). Gardar os rexistros da limpeza.



VENTILACIÓN

Ventilar frecuentemente o vehículo.



MÁSCARAS

As máscaras son de uso obrigado por parte de todos os ocupantes do vehículo.



USUARIOS

Poñer a disposición dos usuarios solucións hidroalcohólicas e panos desbotables..



OBXECTOS

Evitar compartir obxectos sen limpalos previamente; de non facelo, lavar as mans. Retirar revistas, catálogos... para evitar a súa manipulación. Utilizar luvas se é preciso (billetes, moedas, maletas, etc.)

MEDIDAS ORGANIZATIVAS



SINALIZAR

Utilizar carteis coas prohibicións, obrigas e recomendacións preventivas de actuación ante o coronavirus.



PAGO ELECTRÓNICO

Fomentar o pago por medios electrónicos (tarxeta, móbil).



PREVENCIÓN DO ESTRÉS

Establecer pautas de actuación ante posibles situacións de estrés laboral.



POSTO DE TRABALLO

Recoméndanse que cada condutor utilice sempre o mesmo vehículo. Se non é posible, asegurarse da limpeza previa ao inicio da quenda.

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña

981 182 329

issga.coruna@xunta.gal

Lugo

982 294 300

issga.lugo@xunta.gal

Ourense

988 386 395

issga.ourense@xunta.gal

Pontevedra

886 218 101

issga.pontevedra@xunta.gal

Santiago

881 999 332

issga@xunta.gal